

Unidade 6. O camaleón Nicanor

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

Un domingo de outubro, moi de mañá, dous amigos colleron as súas canas e saíron a pescar.

Cando chegaron ao río, un, dilixente e traballador, metíase na auga coa cana e enchía a súa cesta de fermosas troitas. O outro, folgazán e friorento, permanecía na beira buscando o sol para quentarse.

Rematada a xornada, no momento de volver á casa, o pescador folgazán achegouse ao seu amigo e dixo:

—Amigo, é hora de volver, repartamos as troitas da cesta e vaíamos cada un para a súa casa.

Pero o seu compañeiro respondeu:

—Ea, amigo! Eu tiven que pasar frío e humidade para coller estes peixes, e ti estiveches na beira tomando o sol. E agora queres que che dea as miñas troitas? Quen queira peixes que se molle.



Belén BERMEJO

1. Que día da semana ocorreu esta historia? _____

2. Que estación do ano era? _____

3. Que foron facer os dous amigos? _____

4. Quen pescou as troitas? Por que? _____

Unidade 6. O camaleón Nicanor

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

5. Escribe un adxectivo para dicir como é cada cousa.



6. Escolle o adxectivo adecuado e completa.

escura negros contaminada simpática tranquilo novas

- Os ollos _____
- As bicicletas _____
- A noite _____
- O home _____
- A auga _____

7. Completa cun adxectivo.

- A película é _____.
- Breixo está _____.
- Os camións son _____.
- Aqueles edificios están _____.
- A nosa vila é _____.

Unidade 6. O camaleón Nicanor

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

8. Le, rodea as palabras con r e completa a táboa.

Mario corre arredor do carro do burro. Agarda a que a súa nai remate rápido de recoller as peras da pereira.

r suave	r forte	
	Ao comezo de palabra	No medio de palabra

9. Escribe unha oración coas palabras roda, nariz e xerra.

10. Completa con r ou rr.

No en__eixado do valado do xa__dín med__a unha en__edadei__a. Tamén hai unha __osei__a que co__e polo teito de fe__o da glo__ieta cent__al. No ve__án está cube__ta de __osas ama__elas.

Unidade 6. O camaleón Nicanor

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

11. Completa o texto coas palabras.

camiño horta outeiro vacas tomates lama granxa

Mateo vive nunha _____. O seu pai traballa o campo e cría _____ e ovellas. A nai cultiva unha _____ da que sacan leitugas, pementos, _____ e verdura que logo vende no mercado. A granxa está ao pé dun _____ e preto dun río. Para chegar hai que deixar a estrada e meterse por un _____ de terra que no inverno se enche de _____.

12. Completa con vogais.

• N__ h__rt__ d__ S__b__l__ m__dr__n t__m__t__s.

13. Escribe unha oración con cada unha destas palabras.

• outeiro:

• granxeiro:

Unidade 6. O camaleón Nicanor

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

14. Completa a descrición coas palabras.

cores crina pezuños alto áxil catro rabo alongada herba

O cabalo é un animal _____. Pode ser de moitas _____: negra, marrón, branca... Ten _____ patas que rematan en _____. A súa cabeza é _____. Na parte de arriba do pescozo ten unha _____ e tamén no _____. É un animal _____. Aliméntase de _____.

15. Pensa nun animal que che guste. Descríbeo.

16. Le a descrición. Que animal pode ser? Debúxao.

É pequeno e desprázase arrastrándose.
O corpo é brando e alongado. No lombo ten unha cuncha en espiral. Na pequena cabeza ten catro cornos. Aliméntase de plantas.

